

ACTA XUNTA ORDINARIA DE FACULTADE

Sesión do 9 de setembro de 2015

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnense os membros da Xunta de Facultade, o mércores 9 de setembro de 2015, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, coa seguinte

ORDE DO DÍA

- 1. Lectura e aprobación da acta anterior (17/07/2015)**
- 2. Informe da Decana**
- 3. Aprobación, se procede, dos tribunais de 5ª, 6ª e 7ª convocatoria e extraordinaria**
- 4. Aprobación, se procede, de modificación da composición da Comisión Permanente**
- 5. Aprobación, se procede, de actividade extraacadémica e de difusión cultural presentada polas profesoras Elena de Uña e Beatriz Comendador**
- 6. Aprobación, se procede, de solicitude de recoñecementos**
- 7. Rogos e preguntas**

- 1. Lectura e aprobación da acta anterior (17/07/2015)**

Apróbase a acta da sesión anterior por asentimento.

- 2. Informe da Decana**

A decana comenta as seguintes cuestións:

- Desculpa a asistencia de: Antonio Presedo (reunión en Vigo), Ladislao Castro (obrigas docentes), Mª Dolores Domínguez, (obrigas laborais) e María López (permiso)
- Informa que ata o día de hoxe hai 33 alumnos matriculados en 1º de grao e que o día 16 de setembro comezará a segunda fase da campaña de difusión da titulación que está a realizar a mesma empresa de publicidade.
- Comunica que a finais do mes de xullo veu conforme o Informe de revisión interna do seguimento do título.

Para o curso 2016/17 tense que acreditar o título de grao e na medida do posible vaise intentar a certificación do sistema de garantía de calidade porque se vai conxuntamente se valora máis, polo que se solicita que toda a comunidade da facultade se involucre no tema.

Solicítase ao profesorado que revisen as competencias das súas respectivas materias para reaxustalas á realidade, esta modificación non pode implicar en ningún caso un cambio na memoria ou a inclusión de competencias novas.

- Informa de que se está a reformar a web para que sexa máis accesible e clara. Solicítase unha fotografía tamaño carnet ao profesorado.
- Lémbrese que, segundo se aprobou en xunta de centro, a duración das clases é de 50 minutos, éntrase ás e cinco e sáese ás menos cinco.
- O alumnado solicitou que se aumentara o número de copias a facer na aula de informática que estaba en 100 copias ao mes. Chegouse ao acordo con eles de que as copias fosen acumulativas, polo que cada alumno terá dereito a 800 copias por curso académico. Os bolseiros farán unha táboa para contabilizar as copias e se subirá á web para que se teña acceso a esta información.
- Na pasada xunta de centro aprobouse a normativa da Delegación de alumnos. Debido á dimisión dun componente da xunta e á marcha doutros membros, plantéxase a posibilidade de convocar eleccións á xunta de centro do sector estudantes. Xa que o mandato actual remata no mes de marzo de 2016, os representantes dos alumnos presentes nesta xunta van valorar se esgotar o mandato ou demitir todos en bloque coa finalidade de convocar eleccións antes do remate do presente ano.
- Estase plantexando, xunto coa colaboración do departamento e a área de medieval, unha homenaxe á profesora Mercedes Durany. A homenaxe consistiría na elaboración dun libro coa participación das persoas achegadas e incluírá tamén un artigo sobre a súa figura e percorrido profesional, a cargo de Beatriz Vaquero e Francisco Javier Pérez. As áreas de historia medieval e ciencias e técnicas historiográficas encargaranse de realizar un listado de posibles participantes. Unha vez elaborado o volume terá lugar a súa presentación nun acto no que se podería invitar ao profesor Cortazar, catedrático de Historia Medieval, e persoa moi achegada á profesora Durany.

3. Aprobación, se procede, dos tribunais de 5ª, 6ª e 7ª convocatoria e extraordinaria

Apróbanse por asentimento.

4. Aprobación, se procede, de modificación da composición da Comisión Permanente

Na Comisión Permanente se substitúe a Mª Dolores Domínguez por Mª Carmen Fernández, ambas representantes do PAS.

Apróbase a modificación.

5. Aprobación, se procede, de actividade extraacadémica e de difusión cultural presentada polas profesoras Elena de Uña e Beatriz Comendador

A profesora Elena de Uña explica en que vai consistir a actividade, que estará aberta a toda a comunidade universitaria pero se dará prioridade aos membros da comunidade da Facultade de Historia.

Apróbase a realización da actividade: *Auga e paisaxe cárstica*.

6. Aprobación, se procede, de solicitude de recoñecementos

Presentadas solicitudes de recoñecemento e consultado o profesorado implicado, apróbanse os recoñecementos.

7. Rogos e preguntas

- A alumna Ángeles Coello solicita que se poidan adiantar as datas de preinscrición no grao e no máster. Se lle indica que as datas de preinscrición do grao as fixa a CIUG e no caso das do máster se lle suxire que formalice unha suxestión na caixa que existe para elo na web da UVigo ou na web da facultade.
- A profesora Beatriz Vaquero comenta que a pantalla da aula 0.6 non se ve ben. Esta incidencia comunicaráselle aos bolseiros informáticos para que a revisen.
- O profesor Julio Prada comenta que na segunda quincena de setembro hai que fixar a data de reunión cos alumnos de 4º de grao, sobre o TFG e a materia de prácticas. Tanto el como a profesora Beatriz Vaquero, coordinadora das prácticas, se poñerán de acordo para convocar ao alumnado.
- A decana indica que na próxima xunta de facultade hai que tratar temas que quedaron pendentes sobre o TFG.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13.35 horas, e de todo dou fe como secretaria.

A decana

Susana Reboreda Morillo

A secretaria

MCarmen Arribas Álvarez

XUNTA DE FACULTADE

ORDINARIA
09/09/2015

ARRIBAS ÁLVAREZ, MCARMEN
BARRIOCANAL LÓPEZ, YOLANDA
CASTRO LÓPEZ, LADISLAO
CID NARVÁEZ, DANIEL
COELLO FDEZ, M^a ANGELES
COMENDADOR REY, BEATRIZ
DÍAZ ALONSO, XOEL
DOMÍNGUEZ PEREIRA, M^a DOLORES
FDEZ CONTRERAS, M^a CARMEN
GÓMEZ IGLESIAS, MONTSERRAT
GÓMEZ MANSO, BELÉN
JUANA LÓPEZ, JESÚS DE
LÓPEZ DÍAZ, MARÍA
MORENZA ARIAS, DAVID
MORODO DEL RÍO, JOSE
PÉREZ LOSADA, FERMÍN
PÉREZ RODRÍGUEZ, FCO. JAVIER
PRADA RODRÍGUEZ, JULIO
PRESEDO GARAZO, ANTONIO
REAL LÓPEZ, ARTURO
REBOREDA MORILLO, SUSANA
SÁNCHEZ DÍAZ, ROI
SIXIREI PAREDES, CARLOS
UÑA ÁLVAREZ, ELENA DE
VALÍN FERNÁNDEZ, ALBERTO
VAQUERO DÍAZ, BEATRIZ

ASISTENCIA	AUSENCIA XUSTIFICADA
SI	
SI	
	SI
SI	
SI	
SI	
	NO
	SI
SI	
SI	
	NO
SI	
	SI
	Demitiu
	NO
SI	
	NO
SI	
	SI
	NO
SI	
	NO
SI	
	SI
	SI

ACTIVIDADES EXTRAACADÉMICAS E DE DIFUSIÓN CULTURAL




Convocatoria 2015

Anexo: impreso de solicitude de organización de actividades (debe cubrir o decanato u a dirección do centro)

Modalidade a1: conferencias e mesas redondas

Modalidade a2: actividades culturais

Título da actividade (obligatorio nos tres idiomas)

Galego	Auga e Paisaxe cárstica	
Castelán	Auga y Paisaje cárstico	
Inglés	Water and Karst Landscape	
Centro:	Facultade de Historia	
Documentación que se achega		
Impreso normalizado de solicitude de organización da actividade debidamente cuberto	Si <input checked="" type="checkbox"/>	Non <input type="checkbox"/>
Copia do acordo da Xunta do Centro (debe incluír a data de aprobación)	Si <input checked="" type="checkbox"/>	Non <input type="checkbox"/>
Documentación acreditativa do financiamento externo (de ser o caso):		
Entidade: 	Si <input type="checkbox"/>	Non <input type="checkbox"/>
Entidade: 	Si <input type="checkbox"/>	Non <input type="checkbox"/>
Entidade: 	Si <input type="checkbox"/>	Non <input type="checkbox"/>
Para uso exclusivo do persoal da vicerreitoría		
Código da actividade:		
Observacións:		

A	DATOS DA ACTIVIDADE
----------	----------------------------

I. RESPONSABLES DA ACTIVIDADE NO CENTRO

Nome: Beatriz Comendador Rey & Elena de Uña Álvarez		
Enderezo postal: Pavillón 2, Campus Universitario de Ourense, 32004-Ourense		
Teléfono (s):	988 387141 988 387137	Fax: [REDACTED] Enderezo-e: beacomendador@uvigo.es edeuna@uvigo.es

a) Se é docente

Departamento: Historia, Arte e Xeografía
Centro: Facultade de Historia

b) Se é estudante

Titulación ou programa de doutoramento que cursa: [REDACTED]	
Centro: [REDACTED]	Curso: [REDACTED]

c) Se é PAS

Posto de traballo: [REDACTED]
Centro: [REDACTED]

II. ACTIVIDADE QUE VAI REALIZAR

Título:	Auga e Paisaxe cárstica
Destinatarios da actividade:	Aberta
Lugar de celebración (Centro e localidade):	Facultade de Historia (Ourense) e Parque Natural Serra Enciña da Lastra (Ourense)
Datas de celebración da actividade:	02-03/10/2015

Obxectivos:

Promover o coñecemento dos recursos hídricos das cuncas próximas, no fío das liñas estratéxicas do Campus da Auga.

Achegar á comunidade universitaria en particular, e a calquera persoa interesada en xeral, o rico patrimonio xeolóxico, xeomorfolóxico e natural da Galicia, e en particular, da Serra da Enciña da Lastra.

Mellorar o recoñecemento social destes lugares e a integración cognitiva dos universitarios no contexto xeográfico que os rodea, para activar as engrenaxes para o seu estudo e conservación.

Propiciar espazos de educación non formal para o posible alumnado interesado na coordinación e execución destas actividades.

Promover condutas e estilos de vida saudables e sostibles.

III. PROGRAMA DA ACTIVIDADE (débense indicar datas, horario, nomes das persoas ou grupos que participan e actividades)

Máximo: 32 persoas

2 de outubro de 2015

Seminario no Campus de Ourense da Universidade de Vigo (Facultade de Historia).
Presentación e desenvolvemento da temática "Covas e drenaxe subterráneo: Paisaxe e Patrimonio" (investigadores do clube de espeleoloxía CETRA)

Traslado ao Refuxio de Cobas (Rubiá) en autobús

3 de outubro de 2015

09:00 – 10:30 Paseo estación Cobas a Pala da Zorra

10:30 – 11:00 Preparación, acceso á Pala da Zorra

11:00 – 13:00 Visita por grupos da Pala da Zorra

13:00 – 13:30 Saída da cavidade e remonte ata a dolina alta

13:30 – 14:30 Comida

14:30 - 15:00 Aproximación a Pumbeira

15:00 – 15:45 Visita por grupos Pumbeira

15:45 – 17:00 Visita forno de cal

17:00 – 17:30 Chegada ao refuxio de Cobas e regreso a Ourense

B ORZAMENTO (EN EUROS)	
I. Ingresos	
I.1 Contribución da Universidade de Vigo	454€
I.2 Outras contribucións (indíquese a entidade e a contía)	
-	
-	
-	
-	
Total ingresos¹	
II. Gastos	
Concepto	Importe
- Coordinación das actividades	150€
- Traslados	304€
-	
-	
-	
-	
-	
-	
-	
Total gastos¹	454€

Ourense, 31 de xullo de 2015

(Lugar)

O/A decano/a ou director/a do centro



(Sinatura)

[Handwritten signature]

¹O orzamento total de gastos deberá coincidir co total dos ingresos.



24 XULL. 2015

nº 110

SAÍDA

UNIVERSIDADE DE VIGO
CAMPUS DE OURENSE
FACULTADE DE HISTORIA

27 XULL. 2015

REXISTRO N.º 33
ENTRADA

Asunto: Tribunais extraordinarios curso 2015/2016 Dpto. HAX

O Consello do Departamento de Historia, Arte e Xeografía, na súa reunión ordinaria do 23 de xullo de 2015, acordou por unanimidade modificar a composición dos tribunais extraordinarios (5ª, 6ª e 7ª convocatoria), fin de carreira e grao (sen docencia) do curso 2015/2016 quedando como segue:

Materias	Tribunal	Tribunal Suplente
G250901 Epigrafía e Numismática. G250302 Historia Antiga Universal	Presidente/a: Susana Reboreda Morillo Secretario/a: Beatriz Comendador Rey Vogal: Francisco Javier Pérez Rodríguez	Presidente/a: Beatriz Vaquero Díaz Secretario/a: Ladislao Castro Pérez Vogal: Fermín Pérez Losada
102411522 Etnoloxía Para Historiadores G250105 Historia: Modelos de interpretación das sociedades preetatais G250204 Prehistoria universal	Presidente/a: Ladislao Castro Pérez Secretario/a: Susana Reboreda Morillo Vogal: Beatriz Comendador Rey	Presidente/a: Beatriz Vaquero Díaz Secretario/a: Francisco Javier Pérez Rodríguez Vogal: Fermín Pérez Losada
G250304 Historia Medieval Universal	Presidente/a: Francisco Javier Pérez Rodríguez Secretario/a: Mª Beatriz Vaquero Díaz Vogal: María López Díaz	Presidente/a: Susana Reboreda Morillo Secretario/a: Yolanda Barriocanal López Vogal: Jesús de Juana López
102411502 Métodos Técnicas de Investigación Histórica II G250401 Metodoloxía da Historia G250405 Historia Moderna Universal G250908 Historia do Poder de das	Presidente/a: María López Díaz Secretario/a: Francisco Javier Pérez Rodríguez Vogal: Jesús de Juana López	Presidente/a: Beatriz Vaquero Díaz Secretario/a: Julio Prada Rodríguez Vogal: Yolanda Barriocanal López

Institucións		
<p>102411503 Mundo Actual II</p> <p>G250203 Historia: Introducción á historiografía</p> <p>G250403 Historia Contemporánea Universal</p>	<p>Presidente/a: Jesús de Juana López</p> <p>Secretario/a: Alberto Valín Fernández</p> <p>Vogal: Julio Prada Rodríguez</p>	<p>Presidente/a: María López Díaz</p> <p>Secretario/a: Yolanda Barriocanal López</p> <p>Vogal: Francisco Javier Pérez Rodríguez</p>
<p>102411521 Arqueoloxía Clásica</p> <p>G250205 Teoría e método da arqueoloxía</p> <p>G250402 Arqueoloxía Aplicada</p>	<p>Presidente/a: Fermín Pérez Losada</p> <p>Secretario/a: Susana Reboreda Morillo</p> <p>Vogal: Beatriz Comendador Rey</p>	<p>Presidente/a: Beatriz Vaquero Díaz</p> <p>Secretario/a: Francisco Javier Pérez Rodríguez</p> <p>Vogal: María López Díaz</p>
<p>102411504 Tendencias Historiográficas Actuais</p> <p>G250101 Historia: Fontes de información en humanidades</p> <p>G250305 Paleografía</p>	<p>Presidente/a: M^a Beatriz Vaquero Díaz</p> <p>Secretario/a: María López Díaz</p> <p>Vogal: Francisco Javier Pérez Rodríguez</p>	<p>Presidente/a: Beatriz Comendador Rey</p> <p>Secretario/a: Susana Reboreda Morillo</p> <p>Vogal: Julio Prada Rodríguez</p>
<p>102411501 Historia de América II</p> <p>G250303 Historia de América Precolombina e Colonial</p>	<p>Presidente/a: Carlos Sixirei Paredes</p> <p>Secretario/a: Julio Prada Rodríguez</p> <p>Vogal: María López Díaz</p>	<p>Presidente/a: Jesús de Juana López</p> <p>Secretario/a: Elena de Uña Álvarez</p> <p>Vogal: Susana Reboreda Morillo</p>
<p>G250102 Xeografía: Fundamentos de xeografía física</p> <p>G250202 Xeografía: Fundamentos de xeografía humana</p> <p>G250301 Xeografía: Espazos e</p>	<p>Presidente/a: Elena de Uña Álvarez</p> <p>Secretario/a: Alberto Pazo Labrador</p> <p>Vogal: Julio Prada Rodríguez</p>	<p>Presidente/a: María López Díaz</p> <p>Secretario/a: Francisco Javier Pérez Rodríguez</p> <p>Vogal: Susana Reboreda Morillo</p>

Sociedades		
102411053 Historia do Cine Español G250104 Arte: Linguaxes e técnicas artísticas G250201 Arte: Arte clásica G250404 Historia da Arte Medieval	Presidente/a: Yolanda Barriocanal López Secretario/a: Julio Prada Rodríguez Vogal: Elena de Uña Álvarez	Presidente/a: María López Díaz Secretario/a: Beatriz Vaquero Díaz Vogal: Francisco Javier Pérez Rodríguez

Ourense, a 23 de xullo de 2015

A Directora do Departamento



Beatriz Vaquero Díaz

Beatriz Vaquero Díaz

SRA. DECANA DA FACULTADE DE HISTORIA